

AREA
DE
SEGURIDADE

CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



EXPEDIENTE:	146660/210	TIPO EXPTE:	Medidas especiales de movilidad
-------------	------------	-------------	---------------------------------

INFORME -PROPOSTA

ANTECEDENTES

Ante o previsible aumento da presenza de peóns no centro da cidade durante a celebración do NADAL 2025-2026 e co obxectivo de favorecer á mobilidade segura e sostible da cidadanía, resulta indispensable adoptar unha serie medidas especiais en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria da competencia do Concello de Vigo.

Estas medidas quedan recollidas no Plan de Mobilidade do Nadal 2025-2026 que se achega como Anexo I.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A competencia para adoptar as medidas contidas no Plan de Mobilidade do Nadal 2024-2025 corresponden á Concelleria da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Decreto do Alcalde de 28 de xuño de 2024.

PROPOSTA

1º.- Aprobar o Plan de Mobilidade do Nadal 2025-2026 que se achega como Anexo I.

2º.- Acordar a publicación da presente Resolución na sede web do Concello de Vigo, e a súa xeral difusión nos medios de comuninación para xeral coñecemento.

Vigo, na data da sinatura dixital
O XEFE DE ÁREA
Antonio Vivero Mijares



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2025 12:18	Páxina 1 de 14
146660-210	CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

AREA
DE
SEGURIDADE

CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



DECRETO:

En virtude do réxime de delegación de competencias efectuada por resolucións da Alcaldía de data 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024, vista a proposta precedente, resolvo de conformidade coa mesma.

A CONCELLEIRA-DELEGADA DA AREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

Patricia Rodríguez Calviño

Dou Fe,
A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL

Susana Gallardo Fariña.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2025 12:18	Páxina 2 de 14
146660-210	CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

AREA
DE
SEGURIDADE

CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



ANEXO I

PLAN DE MOBILIDADE

MEDIDAS DE MOBILIDADE NO CENTRO DA CIDADE DURANTE O NADAL, DESDE O 15 DE NOVEMBRO DE 2025 ATA O 11 DE XANEIRO DE 2026

1.- Ante a previsión do elevado incremento da presenza de peóns no centro da cidade durante a celebración da FESTA DO NADAL 2025-2026 e co obxectivo de favorecer a especial demanda de mobilidade nas modalidades de automóbil, transporte público e peonil, resulta indispensable adoptar medidas especiais de regulación, con amparo no establecido no art. 18 da Lei de Tráfico (RDL 6/2016) e no art. 37 do Regulamento Xeral de Circulación (R.D. 1428/2003).

2.- A FESTA DO NADAL 2025-2026 implica a selección temporal dun conxunto de espazos públicos, ordinariamente dedicados á circulación de vehículos, para a súa transformación en lugar preferente da celebración colectiva, en modo viandante, dun evento de alcance universal nas súas manifestacións cultural e relixiosa con proporcional reflexo turístico.

3.- As medidas especiais supoñen aplicar cambios de sentido de circulación, preferencia de sentidos de circulación, cambios na programación da regulación semafórica (ciclo) e regulación puntual pola Policía Local cando sexa pertinente.

As medidas especiais establecen tamén restricións de accesos á circulación motorizada, a modo de filtros flexibles sucesivos para a circulación ordinaria de puro tránsito, dotados de sinalización circunstancial exhaustiva e información en paneis de mensaxe variable, que permitan guiar aos condutores ante as especiais circunstancias do tráfico, ofrecendo percorridos alternativos aos previstos inicialmente.

4.- O obxectivo deste plan é garantir en todo momento a adecuada atención da demanda de mobilidade motorizada, en transporte público, a pé e noutros modos activos, que se ve comprometida pola redución da capacidade ordinaria das rúas Gran Vía, Urzáiz, Lepanto, Cervantes, García Barbón, Colón, Alfonso XIII, República Arxentina, Túnel de Beiramar e o contorno das mesmas.

5.- As medidas especiais propostas responden a criterios técnicos obxectivos, concretados no emprego continuo dunha pluralidade de indicadores relativos ás pautas de mobilidade (parámetros de circulación) no ámbito temporal e espacial



Copia do documento - Concello de Vigo
146660-210

Data impresión: 13/11/2025 12:18 Páxina 3 de 14
CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**AREA
DE
SEGURIDADE**

**CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE
VIGO**



da celebración que, polo tanto, resultan ser as indispensables en termos de idoneidade, necesidade e proporcionalidade para garantir a seguridade, fluidez, comodidade, eficacia e economía dos desprazamentos inherentes.

A súa aplicación procura conservar a circulación ordinaria diaria en itinerarios e accesos ata onde o permita a previsión de máxima afluencia peonil e rodada.

As persoas residentes, o transporte público de viaxeiros, os vehículos de emerxencias e os vehículos de servizo público non resultarán normalmente afectados polas restricións incluídas nas medidas especiais.

Os vehículos das actividades de prestación de servizos (carga e descarga, reparto de marcadoras, servizos técnicos) poderán acceder aos ámbitos restrinxidos cando o precisen, debendo en todo caso facer un uso ponderado do dereito á circulación no ámbito excluído ao tráfico.

6.- O Plan de Mobilidade comprende tres categorías de días con medidas especiais de distinta intensidade e alcance:

- Días de Afluencia Moi Alta (9 días): 28, 29, 30 de novembro; 01, 05, 06, 07, 08, 26 de decembro.

- Días de Afluencia Alta (11 días): 16, 21, 22 de novembro; 12, 13, 19, 20, 27 de decembro; 02, 03, 04 de xaneiro.

- Días de Afluencia Moderada (35 días): 15, 17, 18, 19, 23, 24, 25 de novembro; 02, 03, 04, 09, 10, 11, 14, 15, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 28, 29, 30, 31 de decembro; 01, 05, 06, 07, 08, 09, 10, 11 de xaneiro.

7.- As medidas especiais de regulación contemplan con carácter xeral como horario de implantación de referencia, o comprendido entre as 18:00 horas e as 22:00 horas.

8.- PERÍMETRO DE ACCESO RESTRINXIDO – PLANO DE CORTES E REORGANIZACIÓN DO TRÁFICO

No seguinte enlace poden visualizarse e descargarse os seguintes planos de interese para a mobilidade da cidade de Vigo nas datas de Nadal:

ENLACE PLANOS - CONTROL + CLIK AQUI



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2025 12:18

Páxina 4 de 14

146660-210

CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**AREA
DE
SEGURIDADE**

**CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE
VIGO**



01	MOBILIDADE NO NADAL SEN MEDIDAS ESPECIAIS
02.01	MOBILIDADE NO NADAL: DÍAS DE AFLUENCIA MOI ALTA DE 18:00 A 22:00 H.
02.02	MOBILIDADE NO NADAL: DÍAS DE AFLUENCIA MOI ALTA DE 22:00 A 18:00 H.
03	MOBILIDADE NO NADAL: DÍAS DE AFLUENCIA ALTA DE 18:00 A 22:00 H.
04	ACCESO APARCADOIROS: DÍAS DE AFLUENCIA MOI ALTA DE 18:00 A 22:00 H.
05	RUTA BUS URBANO: DÍAS DE AFLUENCIA MOI ALTA DE 18:00 A 22:00 H.
06.01	CORTES DO ACCESO AO CENTRO PARA O TRANSPORTE DISCRECIONAL
06.02	ESPAZOS DE CARGA/DESCARGA PARA O TRANSPORTE DISCRECIONAL. AREAL CON PAELLERA.
06.03	ESPAZOS DE CARGA/DESCARGA PARA O TRANSPORTE DISCRECIONAL. SAMIL - MUSEO VERBUM.

8.1 RÚAS CON TRÁFICO RESTRINXIDO DENTRO DO PERÍMETRO DELIMITADO

✓ Excepto residentes, garaxes e aparcadoiros

- Rúa Policarpo Sanz.
- Rúa Darío Álvarez Blázquez.
- Rúa da Reconquista entre as rúas Marqués de Valadares e Policarpo Sanz.
- Rúa de Velázquez Moreno entre Príncipe e Marqués de Valadares.
- Rúa Praza Compostela entre Velázquez Moreno e Colón.
- Rúa Areal entre República Arxentina e Colón.
- Rúa Concepción Arenal cara a Colón.
- Rúa de Hernán Cortés entre as rúas Urzáiz e María Berdiales.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2025 12:18	Páxina 5 de 14
146660-210	CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

AREA
DE
SEGURIDADE

CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



- ✓ Excepto residentes, garaxes, aparcadoiros e transporte urbano
 - Rúa García Barbón entre Alfonso XIII e Colón.
 - Rúa de Colón ata Uruguai.
- ✓ Excepto transporte urbano
 - Rúa de Urzáiz descendente entre a Avenida de Gran Vía e rúa República Argentina. Rúa Urzáiz ascendente entre a rúa Colón e a Gran Vía.
 - Rúa Colón ascendente entre a rúa Uruguai e Urzáiz.
- ✓ Prohibición de estacionamento

As rúas Carral e Marqués de Valladares manteñen a súa regulación ordinaria. Con todo, queda prohibido o estacionamento de vehículos excepto para as tarefas de carga e descarga de mercadorías, con aplicación do establecido na vixente ordenanza reguladora das operacións de carga e descarga. Permítese así mesmo o estacionamento nas prazas para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida e o das motos nas zonas reservadas ás mesmas.

En todo caso, nesta zona, accederase a unha velocidade máxima de 20 Km/hora.

8.2 CAMBIOS DA CIRCULACIÓN ORDINARIA OS DÍAS DE AFLUENCIA MOI ALTA

- O acceso á rúa García Barbón e á rúa Rosalía de Castro, desde Gran Vía e Urzáiz (sentido descendente) habilitarase pola rúa Cervantes, que a tal efecto cambia o seu sentido de circulación ordinario desde Alfonso XIII cara á rúa Urzáiz ao sentido contrario desde Urzáiz cara á rúa Alfonso XIII, desde ás 10:00 horas da mañá do día 28 de novembro ata as 22:00 horas do día 01 de decembro, e desde as 10:00 horas do día 05 de decembro ata as 22:00 horas do día 08 de decembro.
- O acceso á cidade desde a autoestrada AP-9V farase preferentemente polas saídas 2V (Buenos Aires) e 4V (Isacc Peral e Túnel de Beiramar). A saída pola 5V (Alfonso XIII) realizarase obrigatoriamente mediante manobra de xiro á dereita en dirección cara á rúa Alfonso XIII e García Barbón. A tal efecto, en aplicación dos principios de coordinación e colaboración, a instancias do Concello as autoridades competentes para a explotación e xestión do tráfico da AP-9V realizarán as oportunas comunicacións aos usuarios, procederán á sinalización da manobra de saída e á canalización do tráfico proveniente da 5V,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2025 12:18

Páxina 6 de 14

146660-210

CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**AREA
DE
SEGURIDADE**

**CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE
VIGO**



dirixíndoo cara á súa incorporación a Alfonso XIII a través do dobre carril habilitado na zona inicial da detención (semáforo).

Así mesmo, solicitarase ás autoridades competentes sobre a autovía A-55 a realización de comunicacións cos usuarios recomendando a entrada a Vigo pola AP-9V e, no caso do transporte discrecional de viaxeiros, a súa obrigatoriedade por razón de evitar o fallo sistémico da rúa Beiramar. A tal efecto, a Policía Local realizará controis de acceso desde a VG-20 cara a Beiramar, obrigando no seu caso aos transportes a observar a mencionada ruta de acceso.

- Queda prohibida a circulación no treito comprendido entre a rúa Gravina e a rúa Cervantes. Acceso á rúa Cervantes en dirección a Afonso XIII por Gravina e Churruca.

- O tráfico ordinario descendente pola rúa República Arxentina deberá continuar cara a rúa Rosalía de Castro polo carril esquerdo. O transporte urbano, residentes e garaxes da Travesía de Santiago de Vigo circularán polo carril dereito de República Arxentina permitíndose o xiro cara a rúa García Barbón a estes vehículos habilitando un carril en sentido contrario delimitado na rúa García Barbón entre a rúa República Arxentina e a rúa Oporto.

- A rúa Montero Ríos terá permitido o acceso en sentido contrario de circulación dende a rúa García Olloqui para o uso exclusivo de autobuses turísticos cara aos hoteis do contorno da Praza de Compostela.

- Na Praza de Compostela, entre Velázquez Moreno e Colón, establécese dobre sentido de circulación para o acceso de residentes e ao aparcadoiro dende a rúa Velázquez Moreno.

- Na rúa Rosalía de Castro, entre Pontevedra e Colón, establécese dobre sentido de circulación para acceder a aparcadoiro e garaxes de Colón.

- Na rúa Colón, entre Areal e Rosalía de Castro, establécese dobre sentido de circulación para acceso a residentes e aparcadoiro dende a rúa Marqués de Valadares e Rosalía de Castro.

- A rúa Velázquez Moreno, entre Marqués de Valadares e Policarpo Sanz, permanecerá en dobre sentido para o acceso e saída ao aparcamento de Velázquez Moreno con axuda de sinalización.



Copia do documento - Concello de Vigo
146660-210

Data impresión: 13/11/2025 12:18 | Páxina 7 de 14
CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**AREA
DE
SEGURIDADE**

**CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE
VIGO**



- Establécese dobre sentido de circulación reservado unicamente para residentes na rúa Hernán Cortés entre as rúas de María Berdiales e Urzáiz, con acceso dende a rúa María Berdiales.
- O acceso á rúa Magallanes estará restrinxido a residentes, garaxes e servizo público.
- O acceso a rúa Gil e o tramo de Don Bosco entre Progreso e rúa Xil estará restrinxido a residentes, garaxes e servizo público.
- Coa expresada excepción do ámbito da rúa Cervantes, o horario de aplicación das medidas especiais estipúlase ás 18:00 horas, salvo que os indicadores aconsellen a súa anticipación ou demora.

8.3 CAMBIOS DA CIRCULACIÓN ORDINARIA OS DÍAS DE AFLUENCIA ALTA

- O acceso á cidade desde a AP-9V realizarase polas saídas de conveniencia dos respectivos usuarios. A rúa Cervantes mantén o seu sentido de circulación ordinario, desde Alfonso XIII cara á rúa Urzáiz.
- En todo o demais, resulta de aplicación o disposto nos apartados 8.1 e 8.2 anteriores.
- O horario do comezo das medidas especiais previsto con carácter xeral para as 18:00 horas deberá ser confirmado cos datos resultantes dos indicadores dos parámetros de circulación, podéndose anticipar ou demorar.

8.4 CAMBIOS DA CIRCULACIÓN ORDINARIA OS DÍAS DE AFLUENCIA MODERADA.

Sen prexuízo do que en cada momento resulte do seguimento dos indicadores, os días de afluencia moderada supoñerán ordinariamente a mera adopción selectiva dalgunha das medidas previstas para os días de afluencia alta, con parámetros de circulación máis próximos ao estándar do resto do ano.

8.5 ITINERARIOS ALTERNATIVOS RECOMENDADOS:

- Os túneles de Areal-Beiramar para aqueles vehículos que circulen polas rúas de Sanjurjo Badía, García Barbón e Areal.
- Avenida de Beiramar para os vehículos que transiten cara a Teis.



Copia do documento - Concello de Vigo
146660-210

Data impresión: 13/11/2025 12:18 Páxina 8 de 14
CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- O traxecto rúa Coruña - Praza de América - Gran Vía para os que transiten en dirección Travesía de Vigo.
- Saída pola rúa de Isaac Peral dos vehículos procedentes da autoestrada AP-9V.
- Avenida de Gran Vía, Praza de América e rúa da Coruña para os vehículos que procedan da Praza de España con destino á zona de Beiramar
- Recoméndase evitar o acceso á zona central do Nadal, utilizando os aparcadoiros situados na contorna desa zona, coma: rúa Coruña, praza de América, rúa Praza de Independencia, Auditorio Mar de Vigo, zona Berbés, rúa Padre Feijoo, rúa Jenaro de la Fuente, ...
- Recomendase estacionar en aparcamentos disuasorios en superficie tales coma: Samil, Navia, ...que garanten a intermodalidade co transporte urbano.

8.6 ACCESO AOS APARCADOIROS PÚBLICOS NAS RÚAS CON TRÁFICO RESTRINXIDO

- Aparcadoiro Roma: acceso dende a rúa Velázquez Moreno.
- Aparcadoiro Colón 7: acceso dende a rúa Marqués de Valadares ou Rosalía de Castro.
- Aparcadoiro Policarpo Sanz: acceso desde a rúa García Barbón e saída pola rúa Pontevedra.
- Aparcadoiro Velázquez Moreno (no número 20): acceso e saída desde a rúa de Marqués de Valadares pola rúa de Velázquez Moreno con axuda de sinalización.
- Aparcadoiro Colón Centro (no número 28): acceso desde a rúa García Barbón por un carril ascendente e saída por Uruguay.
- Aparcadoiro El Dorado (Uruguay 8): acceso desde a rúa García Barbón por un carril ascendente pola rúa Colón, saída por Uruguay.
- Aparcadoiro Urzáiz: acceso desde as rúas Cervantes, e desde García Barbón por un carril ascendente pola rúa Colón, saída por Uruguay e Lepanto.
- Aparcadoiro da Praza Portugal: acceso desde Urzáiz, e desde a rúa García Barbón por un carril ascendente pola rúa Colón ata Uruguay, saída por República Arxentina.

8.7 ACCESO AOS GARAXES AFECTADOS POLAS RESTRICIÓN

- Na rúa Policarpo Sanz, o tramo entre as rúas Reconquista e Velázquez Moreno, accede por Reconquista. O tramo entre as rúas Colón e Velázquez Moreno por Velázquez Moreno ascendente desde Marqués de Valadares



**AREA
DE
SEGURIDADE**

**CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE
VIGO**



- Rúa Velázquez Moreno, no tramo entre as rúas de Marqués de Valadares e Príncipe, o acceso e saída aos garaxe será dende a rúa Marqués de Valadares
- Rúa Colón, no tramo entre as rúas Areal e Policarpo Sanz, o acceso será dende Marqués de Valadares ou Rosalía de Castro. No tramo entre Policarpo Sanz e Uruguay o acceso será dende García Barbón
- Rúa Urzáiz, Uruguay, Gravina, Churruca, Cervantes, Roxelio Abalde, acceso por García Barbón e Colón
- Rúa de Hernán Cortés entre Urzáiz e María Berdiales: dende María Berdiales.

En todo caso, nesta zona, ante unha situación de necesidade excepcional accederase a unha velocidade máxima de 10 Km/hora.

9.- SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO

9.1 VARIANTES NOS PERCORRIDOS DENDE O ACENDIDO ATA O DIA DE APAGADO

- ✓ Percorrido de Cánovas del Castillo a Urzáiz por Carral, Marqués de Valadares e Colón; e cara a García Barbón por Carral, Marqués de Valadares, Rosalía de Castro e Oporto.
 - Paradas operativas máis próximas: Cánovas del Castillo nº18, Marqués de Valadares, Colón nº12, Urzáiz-Príncipe (liñas de Urzáiz).
 - Paradas anuladas: Cánovas Castillo nº 28, Reconquista nº2, Policarpo Sanz nº26 e nº40, García Barbón 18 (García Barbón nº 28 para C3 e L10).
- ✓ De Urzáiz a Praza Compostela por García Barbón, Policarpo Sanz e Velázquez Moreno.
 - Paradas operativas máis próximas: Urzáiz nº 13, Policarpo Sanz nº 25, Plaza de Compostela (fronte nº 10), Praza de Compostela (fronte nº 35).
 - Paradas anuladas: Areal e García Barbón nº7.

9.2 MEDIDAS NO TRANSPORTE URBANO (ENTRE AS 18:00H E AS 22:00H).

- Permítese o acceso (manobra de xiro á esquerda) desde Urzáiz cara á rúa Gran Vía con axuda de sinalización realizada por persoal propio da empresa.
- Acceso á rúa Urzáiz dende a rúa Marqués de Valadares pola rúa Colón
- Un carril de dobre sentido pola rúa Urzáiz, entre Gran Vía e República Arxentina
- A parada de taxis da rúa Reconquista prestará servizo desde esta rúa con acceso e saída cara a rúa Marqués de Valadares
- Traxecto de Cánovas del Castillo a Urzáiz por Carral, Marqués de





Valadares Colón e Urzáiz

- Paradas operativas máis próximas: Cánovas del Castillo 18, Marqués de Valadares, Rosalía de Castro, 4, Oporto 30, García Barbón 60
- Paradas anuladas: Cánovas Castillo 28, Reconquista 2, Policarpo Sanz 26 e 40, Colón 26, Urzáiz 28, García Barbón 18
- Traxecto de Urzáiz a Eugenio Fadrique por República Arxentina, Areal, túnel Beiramar:
 - Paradas operativas máis próximas: Urzáiz 13, República Arxentina 21 e Gaitero Ricardo Portela "Pabellón".
 - Paradas anuladas: Colón 27, García Barbón 7, Areal, Policarpo Sanz 25, Praza Compostela "Alameda" e fronte ao 35, Cánovas Castillo "A Laxe".

Estas medidas operarán desde o día do acendido da iluminación ata o día do apagado, os días de afluencia moi alta, alta e moderada, coa excepción dos desvíos das liñas de Policarpo Sanz cara a Colón pola rúa Marqués de Valadares e de Urzáiz descendente pola rúa República Arxentina que serán durante todo o horario de prestación do servizo.

9.3 PARADA DE TAXIS DO PASEO DE ALFONSO XII

A parada de taxis situada no Paseo de Alfonso XII desprazarase a rúa Falperra 5-17.

9.4. ESTACIONAMENTO DE MOTOS

Trasládase a zona de estacionamento de motos do Paseo de Alfonso XII cara a rúa Marqués de Valadares.

10.- RECOMENDACIÓNS AOS RESIDENTES DA ZONA CENTRAL DO NADAL

Recoméndase dispoñer da tarxeta identificativa de acceso á zona central do Nadal para axilizar e facilitar a mobilidade das persoas residentes cos seus vehículos. Pode solicitarse na seguinte ligazón:

https://hoxe.vigo.org/actualidade/avisos_vigo.php?id=2225

11.- RECOMENDACIÓNS AOS PEÓNS

- ✓ En xeral recoméndase a circulación das persoas pola beirarrúa dereita, no sentido da marcha, e en todo caso pola dereita segundo o sentido da súa marcha.
- ✓ Evite o uso do vehículo privado. Ás rúas cortadas ao tráfico non se poderá acceder desde as horas establecidas, polo que cumpriría que acudan ás súas proximidades preferiblemente **a pé ou en transporte público**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2025 12:18	Páxina 11 de 14
146660-210	CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

✓ Deben respectarse as zonas delimitadas para a circulación de vehículos e as indicacións do persoal que xestiona a mobilidade, con especial atención nos seguintes puntos:

- N1/ Cruce das rúas Areal con Pontevedra, no acceso de vehículos ao aparcamento de Praza da Estrela.
- N2/ Cruce das rúas de Marqués de Valladares con Colón, na saída de vehículos de Marqués de Valladares e Rosalía de Castro a Colón, no acceso ao aparcadoiro Colón 7 e no acceso de residentes.
- N3/ Cruce das rúas García Barbón con Colón, no paso de vehículos dende García Barbón a Colón ascendente por carril valado ata a rúa Cervantes. Uso das beirarrúas para camiñar entre Policarpo Sanz e García Barbón.
- N4/ Cruce das rúas Policarpo Sanz con Velázquez Moreno, no paso de vehículos no cruce para acceso de residentes e aparcamento.
- N5/ Cruce das rúas Colón e Uruguay, no acceso e saída dos aparcamentos de Colón Centro e Urzáiz e paso de bus urbano ascendente por Urzáiz.
- N6/ Cruce das rúas Magallanes con Urzáiz, onde conflúe a saída do aparcadoiro de Urzáiz e a rúa Magallanes cara a rúa República Arxentina e o paso de autobús urbano ascendente por Urzáiz.
- N7/ Cruce das rúas Gran Vía con Urzáiz, no paso de autobús urbano en sentido ascendente cara a Gran Vía.

12.- AUTOBUSES DE TRANSPORTE DISCRECIONAL

12.1 O transporte discrecional de viaxeiros deberá acceder a Vigo obrigatoriamente pola AP-9V, aínda que proceda da A-55.

Os autobuses de transporte discrecional que queiran deixar e recoller a súa pasaxe no centro da cidade deberán usar unicamente o espazo sinalizado a tal efecto na rúa Areal.

12.2 Como chegar á zona reservada no centro para a carga e descarga de pasaxeiros (ábrese a aplicación Google Maps)

Click nos seguintes enlaces de interese:

https://qr.vigo.org/nadal/bus_ap9

https://qr.vigo.org/nadal/bus_a55

12.3 Como chegar á zona e aparcamento libre na praia de Samil dende a zona reservada no centro, ida e volta (ábrese a aplicación Google Maps)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2025 12:18	Páxina 12 de 14
146660-210	CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

AREA
DE
SEGURIDADE

CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



Click nos seguintes enlaces de interese:

Ida

Aparcamento libre para buses turísticos acceso dende a rúa Areal

https://qr.vigo.org/nadal/bus_samil_ida

Volta

Aparcamento libre para buses turísticos acceso dende Samil cara a rúa Areal

https://qr.vigo.org/nadal/bus_samil_volta

12.4 En canto ás rutas de acceso, deberase atender ao establecido no apartado 8.2.

13.- ENLACES DE INTERESE

✓ Plano xeral de elementos decorativos e atraccións de Nadal (zona centro):

https://qr.vigo.org/nadal/elem_decorativos

✓ Plano de medios de autoprotección nos días de máxima afluencia:

<https://qr.vigo.org/nadal/autoproteccion>

✓ Aparcadoiros públicos subterráneos e tempo andando ao centro:

<https://qr.vigo.org/nadal/aparcadoiros>

✓ Ubicación de prazas para persoas de mobilidade reducida dentro da zona de tráfico restrinxido:

https://qr.vigo.org/nadal/plazas_pmr

✓ Información en tempo real do estado do tráfico en Vigo App. Aplicación móbil cidade.

[https://play.google.com/store/apps/details?](https://play.google.com/store/apps/details?id=org.vigo.apps.vigoplus&pcampaignid=web_share)

[id=org.vigo.apps.vigoplus&pcampaignid=web_share](https://play.google.com/store/apps/details?id=org.vigo.apps.vigoplus&pcampaignid=web_share)

<https://apps.apple.com/us/app/vigo-app-concello-de-vigo/id1356754845?l=es-MX>



AREA
DE
SEGURIDADE

CONCELLERÍA
DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



Solicítase a máxima colaboración cidadá.

Vigo, novembro de 2025

Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal

Á marxe, data e sinatura electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2025 12:18	Páxina 14 de 14
146660-210	CSV: ADAFD9-4D22C9-478E2C-FNDA4Y-A2FE9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		